

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS PARA O OUTORGAMENTO DE LISTAS PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA ENTRE EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DA MODALIDADE DE NAVALLA-LONGUEIRÓN DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1. O Plan de explotación de solénidos, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie aprobado para o trienio 2022- 2024, segundo a Orde do 22 de decembro de 2021, establece un número máximo de 18 embarcacións e 40 mergulladores.
2. Unha vez finalizado o procedemento de renovación das embarcacións con permiso de explotación para solénidos, compróbase que o número actual de participantes no plan aprobado na confraría da Ila de Arousa é de 16 embarcacións e 32 mergulladores.
3. A Confraría de pescadores da Illa de Arousa, nas datas 18 e 25 de febreiro de 2022 solicita a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas de solénidos para o incremento de 4 cotas de captura para repartir entre as embarcacións integrantes do plan de xestión.
4. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 9 de marzo de 2022 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento de listas para o incremento de cotas de captura entre as embarcacións incluídas no plans de xestión de navalla e lingueirón.
5. O 16 de marzo de 2022 publicouse unha corrección de erros da resolución de convocatoria na que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes.
6. Rematado este prazo constátase que se presentaron 4 solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 39 a 46 os requisitos e o procedemento para o incremento de número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.
2. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015*,



pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional das embarcacións admitidas nas listas para o incremento de cotas de captura entre as embarcacións incluídas no plan de xestión de navalla e longueirón da Confraría de pescadores da Illa de Arousa (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas **poderán presentar** ante a xefatura territorial cantas **alegacións** consideren oportunas **no prazo máximo de quince (15) días hábiles**.



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención **incremento de cotas** da modalidade de **Navalla-Longueirón (Z3) (34C)** ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, da confraría da **Illa de Arousa**.

SOLICITUDES ADMITIDAS:

(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EMBARCACIÓNS CUNHA COTA DE CAPTURA	2. EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	3. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	TOTAL
ESPERA	VILL-4-1733	5,00	3,00	1,00	9,00
JABOTA	VILL-3-7412	0,00	0,00	2,00	2,00
LUCITA	VILL-5-69	5,00	4,00	2,00	11,00
XUREL	VILL-3-10039	0,00	4,00	2,00	6,00

